

A cidade



A cidade é un libro
de mil e unha historias,
cada unha cun nome
de xentes e de cousas.

O semáforo, os coches,
a señora Isolina,
os farois, moitas rúas,
o quiosco na esquina.

O colexio, os amigos,
o parque e as randeas,
os altos edificios
e as casas máis pequenas.

Todo nos conta contos
se nós sabemos ver.
Para ler a cidade
tamén hai que aprender.


Marica Campo



Despois de ler

1 Risca a resposta correcta.

- O poema compara a cidade con...



2 Escribe verdadeiro (V) ou falso (F).

- O semáforo indícanos se podemos pasar ou non.
- Os farois alumean de día.
- Os letreiros publicitarios infórmanos.
- Na cidade temos moito que aprender.

3 Copia o final do poema.

.....

.....

.....


.....

.....

.....

1 2 3

Paso

 Inventamos pareados coas parellas de palabras e escríbimolos nun folio con letra clara.

O meu amigo Mario sempre escoita a radio.

Leo e comprendo

Papá está conectado

O primeiro que fai o meu pai ao erguerse é ler o xornal dixital.

Papá ten 532 amigos en Icebook.



Ata cando ve a tele con mamá segue conectado ao ordenador.

E, pola noite, soña co seu portátil, co usb e cos demais accesorios.

Cando papá me leva ao cole vai mirando o ordenador.

E o primeiro que fai pola tarde cando chega á casa é acendelo.




Pero esta mañá... menudo DRAMA! Non hai conexión. Mamá intenta convencelo de que non pasa nada, pero papá só quere recuperar a conexión e vai dun lado para outro polo iglú. Busca fóra tamén, pero nada.



Entón, segue alonxándose, sen darse conta de que está chegando a unha zona de xeo fino... que vai romper.

Papá acaba nun anaco de xeo e alá vai á deriva co seu ordenador. E é por iso polo que non salta... para non abandonar o ordenador!



Á mañá seguinte, papá aparece. Vén enriba dun anaco de xeo que empurra un oso polar. É o seu novo amigo non virtual.

E o ordenador? Pois xa non funciona despois da noite que pasou.



Entón, papá decide xogar comigo sen ordenador... parece máis feliz que nunca! Utilízao como táboa para a neve.

Ponse de moda e todos (incluído o oso polar) descenden enriba dun portátil. E sabedes que é o mellor?

«Pódese practicar sen conexión».

Despois de ler


1 Explica o significado destas oracións do conto.

- Papá está conectado.

- Papá ten 532 amigos no Icebook.

- O oso é o seu novo amigo non virtual.

2 Con que soña o papá pingüín? Coloréao.



3 Numera segundo a orde na que sucede no conto.

- Pasea polo iglú para recuperar a conexión.
- Un oso polar axúdao e fanse amigos.
- Papá pingüín le o xornal dixital.
- Sae fora e vai á deriva nun anaco de xeo.

1 **2** Paso **3** **4**

Inventamos a noticia seguindo o esquema que nos dá a profesora.

4 Cres que actuaba ben o papá pingüín?
Que outros usos lle darías ti?